



D. JOSÉ IGNACIO LÓPEZ LÓPEZ, Secretario-Interventor do Concello de As Nogais (Lugo)

CERTIFICO.- Que por resolución da alcaldía de data seis de outubro de dous mil dezasete, adoptouse o seguinte acordo:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E CONVOCATORIA PRIMEIRO EXERCICIO

Vista a Resolución de Alcaldía do 3 de outubro de 2017, na que se aprobaba a lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria en relación coas probas de selección de persoal laboral da praza vacante de operario de servizos múltiples.

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de aspirantes e non existindo alegacións presentadas polos aspirantes excluídos da convocatoria.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria en Resolución de Alcaldía do 31 de agosto de 2017, e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS:

- Eiras Redondo Adrian, NIF núm. 33538791F.
- López Asenjo Marcial, NIF núm. 33340992P.
- Pardo Souto Francisco, NIF núm. 33323451Q

RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

- Vigo Cea Javier, NIF núm. 78802627G.

Polas causas seguintes: *non acreditar requisito indicado na solicitude de titulación académica e coñecemento do idioma galego esixido na convocatoria.*

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150



SEGUNDO. Publicar a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, aos efectos oportunos.

TERCEIRO. A realización do **primeiro exercicio** comezará o **día 17 de outubro de 2017**, ás **11:15 horas**, no Salón Multiusos do Centro Sociocultural en As Nogais, debendo presentar os aspirantes a documentación identificativa oficial correspondente. A non comparecencia do aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

Para que así conste expido o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, en As Nogais, a seis de outubro de dous mil dezasete.

*Documento asinado electrónicamente.